

## **R.R. do 5 de febreiro de 2021 pola que se publica a concesión definitiva do espazo da Convocatoria de utilización dun laboratorio no Edificio do Campus Auga**

Con data 19 de xaneiro de 2021 publicouse a concesión provisoria do espazo da Convocatoria de utilización dun laboratorio no Edificio do Campus Auga.

Transcorrido o prazo previsto na base sétima da convocatoria para a presentación de alegacións, sen recibir ningunha,

Esta Reitoría RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar e publicar a concesión definitiva do espazo da Convocatoria de utilización dun laboratorio no Edificio do Campus Auga, no taboleiro da sede electrónica (<https://sede.uvigo.gal/>), así como, a título divulgativo, na páxina web do Campus Auga: <http://campusdaauga.uvigo.es/>

O espazo concédese ao solicitante José Manuel Domínguez González (Grupo (Biotecnoloxía industrial e enxeñería ambiental\_BiotecnIA; EQ11).

Segundo.- Tal como dispón a base oitava da convocatoria, o solicitante debe asinar a aceptación do espazo (Anexo) no prazo máximo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación desta resolución. Dito documento presentárase a través da sede electrónica da Universidade de Vigo, acompañando á instancia xenérica (SXER).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición



de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor  
Por delegación (R.R. 26/5/2020; D.O.G. 4/6/2020)  
A vicerreitora do Campus de Ourense  
(**asinado electrónicamente por Esther de Blas Varela**)



## Anexo

D. José Manuel Domínguez González, investigador principal do grupo EQ11 (Biotecnoloxía industrial e enxeñería ambiental\_BiotecnIA), acepta a utilización do espazo asignado na Resolución reitoral do 19 de xaneiro de 2021 consonte aos dereitos e deberes establecidos nas bases oitava e novena da convocatoria publicada con data 17 de novembro de 2020.

Segundo dispón a base oitava da convocatoria, a concesión terá unha duración máxima de tres anos, prorrogable en base á normativa de funcionamento interno específica do Centro. O Comité de Dirección do Campus Auga realizará unha revisión anual da utilización dos espazos para comprobar que a mesma se axusta ao especificado na solicitude.

